



FENE — REDES

Club de Montaña O Carroucho

18 de Xaneiro de 2014

A primeira ruta do 2014, farémola na nosa provincia, no Concello de Fene. Fene é un pobo e un concello rural e industrial. A súa principal actividade económica durante a segunda metade do século XX, foi a construción naval. En Fene podemos atopar paraxes naturais de enorme beleza, nas que gozar das augas tranquilas das rías de Ferrol e Ares ou do ambiente autóctono do bosque atlántico nas Fragas do Río Belelle.

Desde Perlío iniciaremos a nosa ruta pola rúa San Salvador, onde están situadas as instalacións deportivas. Camiñaremos por Perlío, á beira dun regato, que remontaremos e subindo pola rúa baixa, viraremos á esquerda, á beira dunha fonte, de augas frescas. Deixaremos as últimas casas desta localidade para internarnos no bosque da Pallota, onde atoparemos os restos de talla de árbores, tamén haberá que sortear algunha pequena árbore caída e sairemos ao camiño Casal da Pereira, para continuar en lixeira subida. Sairemos en dirección ao lugar de Os Carballás, onde ao chegar a uns invernadoiros, desviarémonos pola dereita, para atravesar un pequeno regato, o Rego dos Carballás. Coincidiremos un pequeno anaco co Camiño de Santiago, para abandonalo unha vez cheguemos á ponte da autopista AP-9, polo viaduto de Romaríz e nós desviarémonos antes que este cara a un regato de augas alaranxadas, que vai por baixo da autopista. Seguirémola non sen antes cruzar o regato, por unha pequena ponte de madeira e iremos pegados a unha



pequena canle de auga, onde nos atoparemos cunha ponte caída. Desde aquí desviarémonos á dereita cara ao pobo de O Catalán, onde pasaremos por baixo da vía rápida, para bordear o polígono de Vilar do Colo e atravesar o río Sar, pasaremos pola aldea de Cornide e continuaremos polos bosques da parroquia de Limodre e regresaremos de novo preto do polígono, para deixalo por fin en dirección a Redes. Pasaremos antes por Prismos, xa na parroquia de Maniños, baixaremos cara a O Val, paralelos ao regato de Laraxe, pasando por O Batán, onde coincidiremos de novo co Camiño de Santiago e atravesaremos o regato por encima dunha ponte de lousas para encamiñarnos cara a unhas escaleiras que nos levan á praia da Madalena desde onde xa poderemos gozar coas magníficas vistas da ría de Ares. Continuaremos pegados ao mar por un bosque de castiñeiros, piñeiros e eucaliptos, pasaremos pola praia de Chamoso pouco despois atravesaremos de novo o regato de Laraxe na súa desembocadura no mar, xa case estamos chegando a Redes. Redes é un pobo mariñeiro galego, pertencente ao Concello de Ares. Pobo con moitísimo encanto, do mesmo xeito que os seus habitantes. Redes recibe moitos visitantes que non só veñen admirar a beleza do pobo, senón que tamén buscan recoñecer os escenarios da serie "Pai Casares".

Lebrámosvos que esta actividade só inclúe o seguro de transporte

Datos Básicos

- Comezo: Fene
- Remate: Redes
- Distancia lineal: 23 km.
- Duración aproximada: 6 horas
- Dificultade: Media
- Altura máxima: 252 m
- Altura mínima: 11 m
- Acumul.: ↗744 m / ↘744 m



Próxima cita:
8 Febreiro
Aranga



O Carroucho
www.carroucho.org